

## **Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de técnico/a de proxecto vinculado ao Proxecto Europeo Copernicus Marine**

**Referencia: COPERNICUS-23-TSP1**

**NRP: 6091138**

En cumprimento da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en materia de persoal e contratación, a Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, dependente da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, acorda esta convocatoria de selección de persoal.

### **1) Obxecto da convocatoria**

Esta convocatoria ten por obxecto a cobertura de un posto temporal que figura no Anexo B deste documento na Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA).

### **2) Réxime xurídico da contratación**

Contrato de traballo temporal de duración determinada a xornada completa vinculado ao Proxecto europeo *Copernicus Marine* e regulado polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación, en particular pola Disposición adicional quinta do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro.

### **3) Duración**

A contratación obxecto da presente convocatoria será de duración determinada, limitada á duración dos traballos para os que se realiza a contratación e indicado no Anexo B.

### **4) Requisitos**

Os/as candidatos/as, para poder participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Poderán participar no proceso selectivo, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:
  - Ter nacionalidade española.
  - Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.



- Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
  - Calquera que sexa a súa nacionalidade, tamén poderán participar os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
  - Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade.
3. Posuír e acreditar o TÍTULO que figura no Anexo B para este posto.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O requisito da homologación non será aplicable aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito Comunitario (Directiva 89/48/CEE, Directiva 2005/36/CE e RD 1837/2008).
4. Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, antes da publicación das listas definitivas admitidos, cuxa valoración será de apto ou non apto.
5. Coñecemento de inglés no nivel estipulado no Anexo B para este posto, e acreditado con titulación oficial.
- O nivel acreditarase mediante o certificado correspondente segundo os seguintes niveis:  
Nivel Básico: 2º curso da EOI (A2).  
Nivel Medio: 3º curso da EOI (B1).  
Nivel Alto: 6º curso da EOI (B2).  
ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escalade CEFR (Common European Framework of Reference)
  - Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, antes da publicación das listas definitivas admitidos, cuxa valoración será de apto ou non apto.
6. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
7. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado ou inhabilitado.



No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

8. Requisitos particulares: os indicados no Anexo B para o posto.

## **5) Documentación a presentar obrigatoriamente**

- a) Solicitud asinada dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo Anexo A.1, indicando a referencia do posto.
- b) Modelo asinado de datos persoais para cumprimento do *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Ley 3/2018 de 5 de diciembre)*, no modelo Anexo A.2.
- c) Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- d) Fotocopia simple do título esixido para o posto no Anexo B.1, ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- e) Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte. Os/as aspirantes que non teñan a nacionalidade española, acreditarán que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- f) Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación esixida no Anexo B.1.
- g) Coñecemento da lingua galega (acreditado con copia simple do título de perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 4, dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística ou solicitude ao CESGA no caso que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A na proba de galego en convocatorias anteriores, sendo necesario a súa solicitude no Anexo A, indicando a referencia da praza). Os/as aspirantes que non estean en posesión da devandita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria, cuxa valoración será de apto ou non apto.

Coñecemento de inglés. O nivel de coñecemento do inglés requirido é o que figura no Anexo B.

O nivel acreditarase mediante o certificado correspondente segundo os seguintes niveis:

Nivel Básico: 2º curso da EOI (A2).

Nivel Medio: 3º curso da EOI (B1).

Nivel Alto: 6º curso da EOI (B2).

ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEFR (Common European Framework of Reference).

Os/as aspirantes que non estean en posesión da titulación requirida, deberán realizar unha proba eliminatoria e cuxa valoración será de apto ou non apto.

- h) Fotocopia simple da xustificación de cada un dos méritos a valorar especificados no Anexo B.2.1 para a Fase 1 de baremación de méritos. Só valoraranse os méritos que teñan unha xustificación documental axeitada.



i) Modelo anexo B.3 cuberto para a valoración de méritos.

O aspirante seleccionado/a deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA dende a data da resolución, no prazo de días naturais que fixa o Anexo B.1, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte. Os/as candidatos/as que non teñan a nacionalidade española, acreditarán documentalmente que concorren as circunstancias previstas na base 4.1.
- Fotocopia compulsada do título presentado para o posto que foi seleccionado/a ou documento que acredite de modo fidedigno a posesión do correspondente título académico.
- Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación, se é o caso.
- Copia comparada do título de CELGA 4, do título de perfeccionamento da lingua galega ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da cualificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.
- Copia comparada da titulación de inglés, ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de CEF (CommonEuropeanFramework), ou certificado do CESGA no que se acredite a obtención da calificación de APTO/A en convocatorias de prazas anteriores, se fora o caso.

## **6) Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado que figura no Anexo A.1 da presente convocatoria.

Presentaríanse na Secretaría da Fundación ou remitiríanse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Vida), 15705 Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases ou por correo electrónico á dirección [emprego@cesga.gal](mailto:emprego@cesga.gal). No caso do envío por este último medio, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite. Deberá indicarse no asunto do mensaxe a referencia do posto que aparece no Anexo B.1. destas bases. No caso de envío por correo certificado deberá adiantarse por correo electrónico a [emprego@cesga.gal](mailto:emprego@cesga.gal) copia do modelo da solicitude cuberta e do certificado de correos.

O prazo de presentación de solicitudes será o que figura no Anexo B.1 para o posto, contando a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria, no Diario Oficial de Galicia.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nela.

## **7) Proceso de selección**

A selección, efectuarase por unha comisión designada ao efecto para o posto que figura no Anexo B.1.



O proceso de selección consistirá no seguinte:

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicaranse as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose o prazo que figura no Anexo B.1 para, a petición do/a interesado/a, reparar calquera erro que sexa subsanable, e especificándose a data, hora e lugar para a realización da proba de galego e inglés para os/as candidatos/as que non teñan acreditados este requisito, no caso de ser necesario. A proba de coñecemento de galego consistirá na tradución dun texto de galego a castelán. A proba de inglés, dependendo do nivel solicitado no Anexo B.1, consistirá:

Nivel básico: na tradución dun texto técnico de castelán ou galego a inglés.

Nivel medio: redacción dun texto en inglés.

Nivel alto: realización dunha entrevista en inglés dun máximo de 10 minutos e a redacción dun informe en dita lingua.

A duración de cada proba será dun máximo de trinta (30) minutos. Todas as publicacións, relativas ao proceso selectivo, faráanse na páxina web da Fundación [www.cesga.gal](http://www.cesga.gal). Tras realizar as probas de galego e inglés, se fora necesario, publicarase a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as coas cualificacións das mesmas establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1. para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

A selección do candidato será efectuada polo procedemento de concurso de méritos, que constará de dúas fases: unha primeira fase de baremación de méritos alegados e outra segunda fase de entrevista persoal.

1. A Primeira Fase consistirá na valoración dos méritos alegados polos aspirantes que se puntuarán de acordo co baremo establecido no Anexo B.2. Finalizada esta primeira fase da valoración dos méritos, a Comisión publicará na páxina web da Fundación ([www.cesga.gal](http://www.cesga.gal)), a listaxe das puntuacións provisionais de todos/as os/as aspirantes, establecéndose un prazo de días naturais, que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.

Finalizadas as alegacións á valoración provisional dos méritos, publicarase a valoración definitiva designando aos candidatos que por obter a mellor puntuación deberán pasar á segunda Fase (realización da entrevista). Nesta publicación establecerase a data, lugar e hora de realización da entrevista. O número de candidatos seleccionados para a entrevista será o especificado no Anexo B.1 para o posto.

2. A Segunda Fase consistirá na realización da entrevista persoal, cuxa puntuación máxima se especifica no Anexo B.1. A duración da entrevista será duns quince (15) minutos e terá unha valoración máxima que figura no Anexo B.1 para o posto e versará sobre:
  - 1) Perfil dos/as candidatos/as.
  - 2) Complementos do currículo vitae.
  - 3) Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.
  - 4) Disponibilidade de incorporación.
  - 5) Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.



A entrevista realizarase de forma individualizada e terá por finalidade obter un mellor coñecemento do/a aspirante, grazas á comunicación directa que proporciona e ademáis permitirá ao candidato presentarse ante a organización, argumentar a súa experiencia e ter a oportunidade de resolver dúbidas respecto ao posto de traballo ao que está a aspirar.

- Finalizada esta segunda fase da entrevista, a Comisión publicará na páxina web da Fundación, [www.cesga.gal](http://www.cesga.gal), un acordo coa listaxe da puntuación final dos/as aspirantes que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das fases (valoración de méritos e a entrevista), establecéndose o prazo de días naturais que figura no Anexo B.1, para alegacións e reclamacións por parte dos/as candidatos/as.
- Finalizada a fase de alegacións, a comisión publicará, na páxina web da Fundación, [www.cesga.gal](http://www.cesga.gal), o resultado da selección.

De producirse empate na puntuación, dirimirase a favor da persoa aspirante do xénero infrarrepresentado na categoría á que opta.

De persistir o empate, dirimirase a favor da persoa que obteña maior puntuación na fase dos méritos enumerados no anexo B.2 pola orde establecida no mesmo e en último lugar pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual polo segundo, a partir da letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 23 de xaneiro de 2023 (DOG número 18, de 26 de xaneiro de 2023) pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

## **8) Comisión de Selección**

1. A comisión de selección estará formada, polos membros que figuran no Anexo B.1 para o posto.

O/A Presidente/a da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas. Os membros da Comisión de Selección estarán en posesión de titulación igual ou superior á do posto obxecto da convocatoria.

En todo caso, a Fundación garantizará, na medida do posible, a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión, no caso da existencia de mulleres entre as persoas candidatas á praza, de acordo co establecido no artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Os/as membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao/á presidente/a, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a presidente/a solicitará aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.



3. Para a válida constitución da comisión, para os efectos de realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirásese a presenza in situ ou por videoconferencia ou audioconferencia, de polo menos a metade dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Para a toma de decisións da comisión, e demais cuestións da comisión, estarásese ao disposto nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

4. Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

## **9) Resultado da Selección**

Finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación ([www.cesga.gal](http://www.cesga.gal)), o resultado da selección co nome da persoa seleccionada para o posto. Así mesmo, e co fin de determinar posibles substitucións para este proceso selectivo, a comisión elaborará unha lista de espera entre as persoas finalistas que realizaron a entrevista e que non resultasen beneficiarias do posto. A vixencia da lista de substitucións coincidirá coa duración do contrato obxecto do proceso selectivo. Farase constar o prazo de incorporación, así como a documentación complementaria que deberá achegar a persoa seleccionada para formalizar o contrato.

A contratación da persoa estará condicionada á autorización preceptiva da Xunta de Galicia.

O tipo de contrato será temporal de duración determinada a xornada completa, vinculado ao Proxecto *Copernicus Marine*, financiado pola Comisión Europea por medio do programa Copernico e forma parte do "*Copernicus Marine Service (2021-2027)*".

Este contrato en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de laboral fixo e estarán suxeitos ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Director-Xerente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 3 de marzo de 2022 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. José Manuel Amigo Vázquez e co número de protocolo 680.

Santiago de Compostela (á data da sinatura dixital)

O director xerente da Fundación CESGA,

Lois Orosa Nogueira





## **ANEXO A: Modelos A.1 e A.2**

**Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de técnico/a superior de proxecto vinculado ao Proxecto "Copernicus Marine"**

**Referencia: Copernicus-23-TSP1**

**NRP: 6091138**





**A.1. MODELO DE SOLICITUDE**

<b>Referencia: COPERNICUS-23-TSP1</b>	Data publicación anuncio:
DNI/NIE:	Nome
Primeiro apelido	Segundo apelido
País	Código postal
Provincia	Concello
Enderezo	
Correo electrónico	Móbil/Teléfono de contacto

**DOCUMENTACIÓN:**

- Anexo A.2 datos persoais de candidatos/as a emprego .....
- Copia DNI .....
- Currículum Vitae .....
- Copia da Titulación .....
- Copia Expediente académico .....
- Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega ou CELGA 4
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Galega de ..... Ref. posto
- convocatorias anteriores da Fundación CESGA .....
- Xustificación do coñecemento de inglés .....
- Solicita recoñecemento da aptitude en Lingua Inglesa de ..... Ref. posto
- convocatorias anteriores da Fundación CESGA .....
- Modelo Anexo B.3 de valoración de méritos e copia dos
- xustificantes dos méritos alegados .....
- Outra documentación .....

**DECLARACIÓN XURADA:**

A persoa abaixo asinante declara baixo xuramento posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas (marque este cadro se é o caso).

A persoa asinante declara non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no que fora separado ou inhabilitado.





**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de  
Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)  
Bases de Persoal para Proxecto**

**SOLICITA:**

A participación no proceso de selección convocado pola Fundación CESGA e referenciado nesta solicitude.

En Santiago de Compostela,                      de                      de

*Asdo.:* .....

**DIRECTOR XERENTE**

**FUNDACIÓN CESGA**  
**Avda. de Vigo, s/n (Campus Vida)**  
**15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**





**A.2. MODELO PARA RECABAR DATOS PERSOAIS DE CANDIDATOS/AS A EMPREGO**

Referencia posto: <b>COPERNICUS-23-TSP1</b>	
DNI/NIE	Nome
Primeiro apelido	Segundo apelido

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, "Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 (GDPR), Ley Orgánica de Protección de Datos y Garantía de Derechos Digitales (LOPDGDD, de la Lei 3/2018 de 5 de decembro)" facilitámoslle a seguinte información que debe ler, antes de asinar a ficha de alta como candidato/a de emprego:

Responsable do tratamento dos datos de carácter persoal:	Fundación Pública Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (CESGA), con CIF: G15852981 e domicilio en Avenida de Vigo, s/n Campus Sur, CP: 15705, Santiago de Compostela. rgpd@cesga.es
Fins do tratamento:	Os datos persoais facilitados vanse utilizar para a xestión dos procesos de selección do CESGA.
Lexitimación:	Consentimento do/a interesado/a.
Destinatarios:	Non se van realizar cesións a terceiros. Non se van realizar transferencias internacionais de datos.
Dereitos:	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional:	Pode consultar a información adicional na Política de Privacidade e Protección de Datos que figura na páxina web do CESGA: <a href="https://cesga.es/es/politicadeprivacidad">https://cesga.es/es/politicadeprivacidad</a>

Consentimento para o tratamento de datos persoais (marcar o recadro)

O/A interesado/a declara ser maior de 16 anos, e presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de carácter persoal, de acordo coa información facilitada e as condicións expostas na Política de Protección de Datos. Así mesmo, declara ser exactos e veraces os datos facilitados e obrígase a comunicar por escrito á Fundación Pública Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (CESGA), Avenida de Vigo, s/n - Campus Vida, CP 15705 Santiago de Compostela, calquera variación ou modificación que se produza nos datos antes referidos.

Santiago de Compostela, de de

Asdo.: .....





**Bases reguladoras da convocatoria de selección para cubrir, polo sistema de concurso, un posto temporal de técnico/a superior de proxecto vinculado ao Proxecto "Copernicus Marine"**

**ANEXO B:**

**B.1. DESCRICIÓN E REQUISITOS DO POSTO**

**Referencia: Copernicus-23-TSP1**

**NRP: 6091138**

**B.2. FASES DO CONCURSO**

**B.2.1. Fase 1: baremación de méritos**

**B.2.2. Fase 2: entrevista**

**B.3. MODELO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS**



**B.1. DESCRICIÓN E REQUISITOS DO POSTO**

<b>REFERENCIA</b>	COPERNICUS-23-TSP1
<b>Nº RELACIÓN DE POSTO</b>	6091138
<b>CATEGORÍA, DENOMINACIÓN</b>	TÉCNICO SUPERIOR PROXECTO
<b>DURACION ESTIMADA CONTRATO</b>	14 MESES
<b>PROXECTO</b>	COPERNICUS MARINE
<b>CONTRATO</b>	Contrato de traballo temporal de duración determinada vinculado ao proxecto <i>COPERNICUS MARINE – PRODUCTION - PROVISION OF OCEAN MONITORING AND FORECASTING PRODUCTS “Monitoring and Forecasting Centres” (MFC)</i> financiado pola Comisión Europea, por medio do programa Copernico que forma parte do “Copernicus Marine Service (2021-2027)”.
<b>DESCRICIÓN</b>	Desenvolver actividades de execución do proxecto europeo COPERNICUS.  Ofrécese contrato de traballo temporal para integración nun equipo de persoal científico e técnico, multidisciplinar, flexible e creativo no que os valores de igualdade, respecto e valoración das potencialidades e circunstancias persoais son fundamentais.
<b>FUNCIONS DO POSTO</b>	As necesarias para dar soporte á execución do proxecto COPERNICUS. Para iso levará a cabo as seguintes tarefas:  <ul style="list-style-type: none"><li>- Soporte técnico á execución dos programas computacionais de predicción do Copernicus Marine Service.</li><li>- Soporte técnico aos socios do proxecto.</li><li>- Optimización de códigos e contornas operativas do proxecto.</li></ul>



		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudos de aplicación de novas arquitecturas aos compoñentes dos modelos de predicción mariña das zonas IBI-MFC e NWS.</li> <li>- Colaboración na coordinación do proxecto cos socios europeos.</li> <li>- Participación nas tarefas do proxecto onde o CESGA ten responsabilidades.</li> <li>- Xeración de informes administrativos e técnicos sobre os resultados obtidos.</li> <li>- Execución doutras tarefas asociadas coa correcta execución do proxecto: asistencia a reunións nacionais e internacionais, participación en conferencias e cursos, realización de presentacións, xeración de material promocional, etc.</li> </ul>
	<b>TITULACIÓN REQUERIDA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Licenciado ou Enxeñeiro en Informática, Licenciado/a en Física, Licenciado en Matemáticas, Industriais ou Enxeñeiro Superior en Telecomunicacións.</li> <li>- Nivel 3 (Grado e Máster Oficial) segundo o Marco Español de cualificacións para a Educación Superior recollido no Real Decreto 1027/2011 de 15 de xullo, en algunha das seguintes áreas de coñecemento: Física, Matemáticas, Informática, Industriais ou Telecomunicacións. Deberá estar en posesión dos títulos oficiais de grado, ou equivalente, e de máster universitario, ou equivalente, tendo superadas, a lo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas</li> </ul>
	<b>NIVEL DE INGLÉS</b>	Medio (B1)
	<b>REQUISITOS PARTICULARES</b>	NON SE ESIXEN
<b>PRAZOS</b>	<b>PRESENTACIÓN SOLICITUDES</b>	15 (quince) días naturais
	<b>PRESENTACIÓN DE RECLAMACIONES A LISTAXE</b>	3 (tres) días naturais



	<b>PROVISIONAL DE ADMITIDOS</b>	
	<b>PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DEFINITIVA E PROBAS IDIOMAS</b>	3 (tres) días naturais
	<b>PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A BAREMACIÓN DE MÉRITOS FASE 1</b>	3 (tres) días naturais
	<b>PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN A LISTAXE DE PUNTUACIÓN FINAIS (FASE 1 E FASE 2)</b>	3 (tres) días naturais
	<b>APORTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN FINAL POLO/A CANDIDATO/A SELECCIONADO/A</b>	3 (tres) días naturais
	<b>Nº DE CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS TRAS SUPERAR A FASE 1 PARA REALIZACIÓN DA ENTREVISTA</b>	5 candidatos con maior puntuación na fase 1.
	<b>PUNTUACION MÁXIMA DOS MÉRITOS FASE 1</b>	<b>36 puntos</b>
	<b>PUNTUACION MÁXIMA FASE 2 (ENTREVISTA)</b>	<b>3,6 puntos</b>
	<b>COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Presidencia</u>: Subdirector Técnico da Fundación CESGA.</li> <li>- <u>Suplente</u>: Administrador de Aplicacións e Proxectos da Fundación CESGA.</li> </ul>





**Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)**  
**Bases de Persoal para Proxecto**

	<ul style="list-style-type: none"><li>- <u>Secretario</u>: Técnico Superior de Aplicacións e proxectos da Fundación CESGA.</li><li><u>Suplente</u>: Técnico Superior de Sistemas da Fundación CESGA.</li><li>• <u>Vogais</u>:<ul style="list-style-type: none"><li>- Administradora de área e-learning da Fundación CESGA</li><li>- Técnica Superior de Comunicacións da Fundación CESGA</li></ul></li><li><u>Vogal Suplente</u>: Técnico Superior de Sistemas da Fundación CESGA.</li></ul>
--	--





**B.2 FASES DO CONCURSO PARA O POSTO DE REF.: COPERNICUS-23-TSP1**

FASE 1	BAREMACIÓN DE MÉRITOS: Formación e Experiencia	Ata 36 puntos
FASE 2	ENTREVISTA PERSOAL	Ata 3,6 puntos

**B.2.1. FASE 1: BAREMACIÓN DE MÉRITOS DO POSTO DE REF.: COPERNICUS-23-TSP1**

CRITERIO	FORMA DE VALORACIÓN	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	PUNTUACIÓN MÁX.
Publicacións científicas en Revistas Indexadas ou presentacións orais en congresos	0,5 puntos por cada presentación ou artigo ata un máximo de 3 puntos por publicación relacionada co HPC  0,5 puntos por cada presentación ou artigo ata un máximo de 3 puntos relacionadas con sistemas predictivos nos ámbitos de modelización marina, meteorolóxica ou climática	Copia da publicación ou certificado do congreso onde se levou a cabo a presentación	6
Título de Doutor en unha das áreas da titulación esixida.	5 puntos	Fotocopia simple do título referido á titulación, ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico	5
Experiencia práctica	1 puntos por trimestre de experiencia en HPC ata un máximo de 3  2 puntos por trimestre de experiencia en programación de GPUs ou aceleradores computacionais específicos complementarios as CPUs ata un máximo de 6	Documentación acreditativa (2)	12



	1 punto por trimestre de experiencia en no deseño ou desenvolvemento de aplicacións científicas ou de sistemas computacionáis para aplicacións científicas ata un máximo de 3		
<b>Inglés</b>	1 punto por certif B2 2 puntos por certif C1 3 puntos por certif C2	Certificado de aptitude	<b>3</b>
<b>Participación en proxectos de investigación Internacionáis</b>	0,2 punto por cada mes de participación, ata un máximo de 3 puntos por proxecto en HPC  0,2 punto por cada mes de participación, ata un máximo de 3 puntos por proxecto sobre sistemas predictivos nos ámbitos de modelización marina, meteorolóxica o climática	Documentación acreditativa (1)	<b>6</b>
<b>Formación en tecnoloxías asociadas ao HPC</b>	0,2 puntos por cada 10 horas cun máximo de 1 puntos por curso sobre HPC  0,4 puntos por cada 10 horas cun máximo de 1 puntos por curso programación CUDA, opencil, arquitecturas de aceleradores GPU ou contextos de programación híbrida CPU/GPU	Certificado de asistencia incluíndo o temario do curso e o número de horas (cada curso só se valorará unha vez, no criterio mais favorable. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados)	<b>4</b>
<b>Puntuación Máxima FASE 1</b>			<b>36</b>



(1) A **participación en proxectos** valorarase en función da súa duración por proxecto e ano traballado, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses, no caso de ser inferiores a un ano. Só se computará un proxecto por mes, independentemente da categoría na que se encadre o mesmo. Xustificarase coa seguinte documentación:

- a. Contrato de traballo onde figure expresamente o nome e código do proxecto ou certificación da entidade onde participou, incluíndo as datas de inicio e fin da participación.
- b. Copia da vida laboral.
- c. Declaración responsable asinada polo solicitante, cunha descrición do proxecto no que traballou, de non máis dunha cara dun folio A4, onde se xustifique a relación do mesmo co obxecto do criterio.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a participación en proxectos.

(2) A **experiencia práctica** valorarase en función dos contratos de traballo presentados segundo a súa duración, ponderándose proporcionalmente a súa duración por meses. Só se computará un proxecto ou contrato por mes. Xustificarase coa seguinte documentación:

- a. Declaración responsable, asinada polo solicitante, cunha descrición do traballo realizado, onde indique as tarefas nas que se acadou a experiencia e se xustifique a relación co obxecto do criterio
- b. Contrato de traballo.
- c. Copia da vida laboral.

De non presentarse estes documentos, no prazo estipulado para a presentación de solicitudes, ou no prazo establecido para reclamacións tras a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas, non poderá avaliarse a experiencia práctica.

No caso de que a documentación presentada permita a valoración dun mérito en máis de un criterio, so se valorará unha vez no criterio máis favorable para a persoa aspirante ao posto.

### **B.2.2. FASE 2 : ENTREVISTA PERSOAL**

A Segunda Fase consistirá na realización da entrevista persoal que terá unha duración aproximada de 15 minutos, unha valoración máxima de 3,6 puntos e versará sobre:

- Perfil do/a candidato/a.
- Complementos do currículum vitae.
- Idoneidade do/a candidato/a para o posto.
- Disponibilidade de incorporación.
- Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.



### B.3. Modelo para a valoración de méritos REF: COPERNICUS-23-TSP1:

Cada candidato **deberá cubrir o seguinte modelo cos méritos alegados e a puntuación, indicando con claridade a referencia á documentación xustificativa aportada.** Numeraranse as páxinas da documentación xustificativa e indicarse en cada apartado o/s número/s de páxina/s que corresponde/n a cada xustificación. **De non cubrirse axeitadamente esta información os méritos poderían non ser avaliados pola comisión.**

FASE 1				
Criterio	Descrición	Baremación	Méritos alegados e documentación xustificativa	PUNTOS alegados
C1	Publicacións científicas en Revistas Indexadas ou presentacións orais en congresos	0,5 puntos por cada presentación ou artigo ata un máximo de 3 puntos por publicación relacionada co HPC. 0,5 puntos por cada presentación ou artigo ata un máximo de 3 puntos relacionadas con sistemas predictivos nos ámbitos de modelización marina, meteorolóxica ou climática	Copia da publicación ou certificado do congreso onde se levou a cabo a presentación	
C2	Título de Doutor	5 puntos	Fotocopia simple do título referido á titulación, ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico	



<b>C3</b>	<b>Experiencia práctica</b>	<p>1 punto por trimestre de experiencia en HPC ata un máximo de 6 puntos</p> <p>2 puntos por trimestre de experiencia en programación de GPUs ou aceleradores computacionáis específicos complementarios as CPUs ata un máximo de 6 puntos</p> <p>1 puntos por trimestre de experiencia en no deseño ou desenvolvemento de aplicacións científicas ou de sistemas computacionáis para aplicacións científicas ata un máximo de 3</p>	Documentación acreditativa (2)	
<b>C4</b>	<b>Inglés</b>	<p>1 punto por certif B2</p> <p>2 puntos por certif C1</p> <p>3 puntos por certif C2</p>	Certificado de aptitude	
<b>C5</b>	<b>Participación en proxectos de investigación internacionais</b>	<p>0,2 puntos por cada mes de participación, ata un máximo de 3 puntos por proxecto en HPC</p> <p>0,2 puntos por cada mes de participación, ata un máximo de 3 puntos por proxecto sobre sistemas predictivos nos ámbitos de modelización marina, meteorológica ou climática.</p>	Documentación acreditativa (1)	
<b>C6</b>	<b>Formación en tecnoloxías asociadas ao HPC</b>	<p>0,2 puntos por cada 10 horas cun máximo de 1 puntos por curso sobre HPC.</p> <p>0,4 puntos por cada 10 horas cun máximo de 1 puntos por curso programación CUDA, opencl, arquitecturas de aceleradores GPU ou contextos de programación híbrida CPU/GPU</p>	Certificado de asistencia incluíndo o temario do curso e o número de horas (cada curso só se valorará unha vez, no criterio mais favorable. Non se considerarán como cursos os créditos obtidos en estudos regulados)	
<b>TOTAL</b>				



#### **B.4. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ DECLARA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE que é verídica a información indicada a continuación en relación á experiencia e aos proxectos nos que traballou profesionalmente:

<b>EXPERIENCIA PRÁCTICA</b>	
<b>Contrato</b>	<b>Xustificación da relación da experiencia práctica cos seguintes ámbitos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• HPC.</li><li>• Programación de GPUs ou aceleradores computacionáis específicos complementarios as CPUs</li><li>• Deseño ou desenvolvemento de aplicacións científicas ou de sistemas computacionáis para aplicacións científicas</li></ul>
Introduza aquí o contrato	Introduza aquí: <ol style="list-style-type: none"><li>1. A <u>descripción do traballo realizado</u>, e</li><li>2. A xustificación da relación do mesmo cos ámbitos citados.</li></ol>



	<p>Adicionalmente, para a correcta xustificación do mérito, lembre aportar unha das seguintes documentacións:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Contrato de traballo e copia da vida laboral, se o contrato é en España.</li></ol> <p>ou</p> <ol style="list-style-type: none"><li>2. Contrato de traballo e certificación do mesmo pola entidade contratante onde figure claramente a data de inicio e a duración do mesmo (ou data de inicio e finalización). Se a certificación non está en inglés, castelán ou galego, será necesario engadir unha tradución da certificación por un tradutor xurado.</li></ol>
	<p>Engadir filas en caso necesario para experiencia adicional.</p>

**Lugar, data e sinatura**

